

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 3 DE ABRIL DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o texto do Código ético institucional para os efectos de darlle traslado ás organizacións sindicais máis representativas da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe total de cento cincuenta e catro mil seiscentos euros (154.600,00 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o Plan económico financeiro global para o ano 2014, da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI- Galicia, S.A.)
- Acordo polo que se declara de interese da Comunidade Autónoma de Galicia a actuación "abastecemento da área metropolitana da Coruña a partir do lago artificial da central de Meirama. Fase I. (Provincia da Coruña)", de clave O.H.115.1072, por importe dun millón oitocentos noventa e cinco mil douscentos quince euros con sesenta e tres céntimos (1.895.215,63 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o Plan de artesanía de Galicia 2014-2016, no cal se define a estratexia que se seguirá para o desenvolvemento da artesanía de Galicia nos vindeiros anos.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Internacional Josep Carreras, para a loita contra a leucemia, por un importe de cincocentos oitenta e un mil seiscientos euros (581.600,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias previas 648/2014 do Xulgado de Instrución número 3 de Lugo abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de María Luisa Jiménez Jiménez.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a evolución das contas e da situación económica de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia convocatoria para o ano 2014.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a licitación do centro de Saúde de Buño, concello de Malpica.

A XUNTA PRESENTA O CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL QUE REGULARÁ A CONDUCTA E RESPONSABILIDADE PROFESIONAL NO FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN

- *Quedan prohibidos os regalos e régúlase de xeito concreto e restrínxese o que se entende por cortesía institucional ou protocolaria*
- *Inclúe novas medidas para reforzar a transparencia nos procesos selectivos de persoal e procedementos de contratación e o uso responsable dos recursos*
- *Os membros da Xunta e altos cargos non poderán ser titulares de contas en 'paraísos fiscais'; o contrario será causa de cese automático*
- *A Xunta elaborará en cada lexislatura un informe de seguimento sobre o nivel de cumprimento do presente Código para a súa remisión ao Parlamento galego*

O Consello da Xunta vén de dar o visto e praxe a un código ético institucional que servirá como manual deontolóxico e guía de boas prácticas para os cargos públicos e o conxunto dos empregados públicos da Administración autonómica no desempeño das súas funcións.

O obxectivo é seguir intensificando e afondando na liña de compromiso dos representantes públicos coa cidadanía, que xa se ten materializado con medidas pioneiras como a blindaxe por lei da publicación das declaracións de bens patrimoniais dos membros do Goberno galego, a transparencia e homologación das retribucións do persoal directivo dos entes instrumentais ou a redución do parque móbil, entre outras.

Así, o código aprobado esta mañá ofrecerá principios básicos de conduta e responsabilidade profesional tanto para todos os altos cargos das administracións públicas e entidades instrumentais -desde o presidente e conselleiros ao persoal eventual- como para o resto do persoal do sector público autonómico.

Non se aceptarán regalos

A partir da publicación do código os altos cargos e empregados públicos non poderán aceptar, recibir ou solicitar ningún regalo, dádiva, beneficio ou favor nin para si mesmo nin para o seu círculo familiar inmediato, por parte de persoas físicas ou xurídicas.

Ademais, régúlase de forma concreta e restrínxese de xeito claro o que pode ser entendido como cortesía institucional, nas que se inclúen, por exemplo, os artigos de propaganda ou publicidade e que pola súa escasa entidade resulte sinxelo discernir sen necesidade de efectuar un xuízo de valor, como bolígrafos, calendarios ou axendas; así como as mostras de consideración ou atención enmarcadas nos usos habituais e costumes sociais de cortesía, sempre que non rebasen o importe máximo de 90 euros. Deste xeito, tense optado por un límite inferior ao fixado pola Comisión Europea, e cuxo código de funcionamento se ten usado como referencia.



Réxime de incompatibilidades

O código tamén establece que as autoridades e empregados públicos non poderán valerse da súa posición para obter vantaxes profesionais ou materiais, como tratamentos de privilexio na condonación de débedas bancarias, préstamos a xuro cero ou o uso gratuíto de instalacións, cando exista réxime habitual de cobro. Así mesmo, especifícase que “baixo ningún suposto” se poderá obter lucro persoal pola utilización de información privilexiada de carácter financeiro, bolsista ou fiscal á que teñan acceso.

No tocante ás incompatibilidades o código establece que os membros do Consello da Xunta non poderán ser titulares de contas en países ou territorios cualificados como paraísos fiscais e que a detección deste tipo de prácticas será causa de cese. Así mesmo, tampouco poderán recibir retribucións pola súa participación como relatores en congresos, seminarios, xornadas de traballo e cursos de carácter profesional, pese a que a normativa actual permite esa posibilidade.

Neste apartado tamén se adianta que o Consello da Xunta aprobará un acordo para determinar os termos nos que se publicarán os contidos das declaracións de bens patrimoniais dos membros do Goberno galego e que o persoal ao que lle sexa de aplicación a lexislación autonómica sobre incompatibilidades fará constar na súa declaración de actividades e intereses as renunciacións ou alleamentos de participacións en empresas.

Imparcialidade e uso responsable dos recursos

Ademais, para garantir a imparcialidade nos procesos selectivos, a Xunta adoitará de xeito homologado normas de funcionamento e garantías reforzadas de transparencia. Ampliaranse as causas de abstención para formar parte dun tribunal e introduciranse garantías de confidencialidade nos procesos de impresión e custodia dos exames, como un mecanismo informático para a selección aleatoria das preguntas.

O texto tamén recolle unha serie de disposicións para o uso responsable dos medios e recursos públicos, a previsión de continuar cumprindo de forma estrita o novo réxime do parque móbil da Xunta -impulsado a pasada lexislatura- e que se seguirá na senda da limitación dos gastos internos de publicidade e propaganda, así como a racionalización e eficiencia na organización e desenvolvemento de viaxes oficiais ao exterior.

Neste sentido, o código aprobado esta mañá fusionase co xa realizado para regular as viaxes oficiais ao exterior dos cargos do Goberno galego. Neste texto establecíase, por exemplo, que só se viaxaría en clase preferente nos desprazamentos transoceánicos e de longo percorrido e que debía haber unha nida separación entre as axendas institucionais e de partido.



Transparencia parlamentaria

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e os servizos de inspección dos ámbitos sanitarios e educativos serán os órganos de coordinación encargados da aplicación do código, que os altos cargos e persoal eventual asumirán dende o momento da súa toma de posesión.

A Xunta elaborará en cada legislatura un informe de seguimento sobre o nivel de cumprimento do presente Código para a súa remisión ao Parlamento galego. Ademais, e como se ven facendo dende 2011, o Goberno galego comparecerá no Parlamento -como mínimo unha vez por período de sesións- para informar e explicar os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado español.

Ademais, o Executivo galego comprométese a darlle ao texto a máxima difusión, tanto entre o seu persoal como no resto de administracións -concellos e deputacións-, institucións, empresas, entidades de iniciativa social e cidadanía en xeral. O texto será de acceso público e gratuito a través do DOG e a web institucional www.xunta.es; e tamén lle será traslado ás empresas que figuren ou se incorporen ao Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, que deberán formular unha "adhesión expresa" os principios do código.



A XUNTA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA COLABORAN NA ATENCIÓN A MULLERES E MENORES EN SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***O Goberno galego achegará para tal fin un total de 154.000 euros***
- ***O ano pasado beneficiáronse deste programa máis de 400 persoas***
- ***Tamén se dará atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar a través do programa Abramos o Círculo***
- ***Este ano inclúese a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala e mantense a asistencia domiciliaria en caso de emerxencia***

O Consello da Xunta reunido hoxe autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

Mediante a sinatura deste convenio establécense as condicións para o financiamento do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, coa principal finalidade de ofertarlles a estas persoas recursos terapéuticos que lles faciliten a súa recuperación. No ano 2013 beneficiáronse deste programa 323 persoas (221 mulleres, 88 menores e 18 persoas dependentes) e participaron na intervención 73 profesionais da psicoloxía.

Na mesma liña, establécese o Programa de atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, programa denominado Abramos o Círculo, coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a homes que recoñezan ter problemas de control da violencia no ámbito familiar. Este programa iniciouse no ano 2001, a través dun convenio entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. O ano pasado beneficiáronse deste programa un total de 79 homes, 25 máis que o ano pasado, e participaron na intervención 39 profesionais da psicoloxía.

Ambos os programas contan cun/cunha psicólogo/a coordinador/a e cunha rede de profesionais que levan a cabo a intervención profesional que comprenden asistencias e consultas ás persoas beneficiarias, asistencia oral en xuízo por parte das psicólogas e psicólogos do programa. Inclúese, ademais, no convenio a cobertura da asistencia domiciliaria en caso de morte por violencia de xénero con carácter de urxencia e en días non laborables, de ser preciso, así como a colaboración co Centro Autonómico de

Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no apoio terapéutico e psicolóxico das súas usuarias.

Inclúese ademais este ano nos programas, a garantía de acceso ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala.

Ambos os programas comprenden ademais a realización de actividades formativas para os/as psicólogos/as. Os programas contan cun orzamento de 154.600 euros, dos que 120.000 euros son para o programa de atención psicolóxica a vítimas da violencia de xénero, menores e persoas dependentes ao seu cargo, e 34.600 euros para o programa Abramos o círculo.



A XUNTA APROBA O PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DA SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS, QUE PERMITIRÁ DESTINAR A INFRAESTRUTURAS CASE 50 MILLÓNS DE EUROS

- *O volume máis importante destinarase a actuacións en materia de estradas, que disporán dun orzamento de case 30 millóns de euros, dos que máis dun 50% terán como obxectivo a seguridade viaria e a conservación*
- *A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, disporá dunha partida de 14,4 millóns de euros, onde destaca o orzamento para o novo edificio para os xulgados de Ourense e para as instalacións da AXEGA*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Plan económico financeiro para o ano 2014 da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI), organismo que xestionará case 50 millóns de euros en diversas obras de infraestrutura repartidas entre os diferentes departamentos da Administración autonómica.

O investimento permitirá a execución de actuacións en materia de seguridade viaria, conservación de estradas, camiños rurais e accesos a explotacións, instalacións deportivas, infraestruturas xudiciais e sociais, así como instalacións turísticas e educativas, segundo a seguinte distribución por consellerías e secretarías xerais:

Consellería	Importe (En miles de euros)
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	26.566,67
VICEPRESIDENCIA e PRESIDENCIA	14.480,97
DO MEDIO RURAL E DO MAR	1.059,92
EDUCACIÓN	3.458,78
AXENCIA TURISMO DE GALICIA	128,13
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	860,65
TOTAIS	46.555,12

O Plan contén os importes máximos dos mandatos de actuación formalizados coa Sociedade por cada un dos departamentos, entre os que as actuacións por mandato da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas terán maior volume de investimento con mais de 25 millóns de euros, que permitirán levar a cabo obra pública, centrándose sobre todo en actuacións de seguridade viaria e mantemento de estradas, apartado que contará con máis de 14 millóns de euros, máis dun 50% do total, que se empregarán nas vías das catro provincias galegas.



Ademais do esforzo que se levará a cabo a prol da conservación das estradas, destaca tamén un investimento de 2,7 millóns de euros para a Terceira Rolda da Coruña, treito III, enlace de Lonzas, cuxas obras rematarán en xuño e a súa posta en servizo está condicionada ao avance das obras do Ministerio, ou para o Tramo III Goián-A Guarda da VAP Tui-A Guarda, con 4,2 millóns de euros, cuxa previsión é poñela en servizo en xuño deste ano.

Tamén se prevén orzamentos destacados para obras como o reforzo de firme, sinalización e barreiras na AC-550 desde o punto quilométrico 12 + 450 ao 40 + 400, ao seu paso por Muros.

Por mandato da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a SPI xestionará unha partida de case 15 millóns de euros, para levar a cabo proxectos, sobre todo, no eido das infraestruturas xudiciais. Así, o novo edificio dos xulgados de Ourense percibirán 7,6 millóns de euros, que permitirá dar un avance importante; e a construción do edificio para as instalacións da AXEGA absorberá 2,1 millóns de euros ao longo deste exercicio.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar conta con máis dun millón de euros, que permitirá a construción de infraestruturas como o pontón sobre o río Enviande e accesos a Esperante e Cerdeda no concello de Taboada (Lugo) ou a colocación de marcos dos predios resultantes da concentración parcelaria de Borrifáns, no concello de Oza-Cesuras.

A Consellería de Educación ten asignado un orzamento de case 3,5 millóns de euros que lle permitirán avanzar nas obras do novo colexio de educación infantil e primaria do concello de Oroso, o que implica un total de 450 prazas que darán resposta ás necesidades crecentes de prazas escolares desta poboación coruñesa, e á demanda da propia cidadanía do concello.

A Secretaría Xeral para o Deporte disporá de case 900.000 euros, dos cales a maior parte se destinará á construción do pavillón polideportivo no Monte Davila, no concello do Grove.



A XUNTA DECLARA DE INTERESE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA A PRIMEIRA FASE DA OBRA DE REFORZO DO ABASTECIMENTO DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA A PARTIR DO LAGO DE MEIRAMA

- ***A actuación permitirá garantir o abastecemento presente e futuro dos sistemas que dependen do encoro de Cecebre***
- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, investirá 1,8 millóns de euros para a execución desta primeira fase***
- ***A aceleración do ritmo de enchedura debido ás chuvias deste inverno demanda actuar coa maior urxencia, posto que as obras desta primeira fase se executarán nos terreos que quedarán somerxidos polo lago***
- ***As obras desenvolveranse en 6 meses e suporán a construción dunha toma de auga e un falso túnel de 140 metros, que conectará cunha futura cámara de válvulas***
- ***Queda pendente a realización da segunda fase, dun importe aproximado de 8 millóns de euros, xa sen a urxencia que ten esta primeira, posto que será independente do nivel das augas no lago***

O Consello da Xunta declarou hoxe de interese da Comunidade Autónoma de Galicia a primeira fase da obra hidráulica de abastecemento da área metropolitana da Coruña a partir do lago de Meirama.

Hoxe en día é o encoro de Cecebre o que abastece unha serie de municipios da área metropolitana coruñesa, e estanse a detectar certas carencias na garantía de subministración de auga para abastecemento que se incrementarán cos anos debido ao aumento de poboación rexistrado na zona. Por outro lado, no ano 2007 finalizou a explotación do xacemento no val de Meirama e comezou a restauración do espazo ocupado por este coa formación dun lago artificial no oco da mina.

Tendo en conta estes factores, a obra hidráulica tratada hoxe no Consello da Xunta ten por obxecto reforzar o servizo de abastecemento da área metropolitana coruñesa cun volume de regulación adicional de 24 hectómetros cúbicos, a través dunha conducción das augas retidas no novo lago artificial da mina de Meirama ao leito do río Barcés. Esta nova capacidade garantizará un volume mínimo do 30 por cento no encoro de Cecebre, resolvendo as carencias de futuro na subministración de auga á área metropolitana da Coruña.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, investirá un total de 1.895.215.63 euros para a execución desta primeira fase.

Xustificación da declaración

As obras desta primeira fase executaranse dun período de 6 meses nos terreos que quedarán somerxidos polo lago de Meirama. A aceleración do ritmo de enchedura debido



ás chuvias deste inverno, demandan actuar coa maior urxencia, polo que cómpre adiantar a execución dos traballos. A declaración de interese permitirá axilizar os prazos para poder iniciar as obras o antes posible, sempre dentro deste mesmo ano.

Desenvolvemento das obras

As obras correspondentes á primeira fase do abastecemento da área metropolitana da Coruña desenvolveranse en 6 meses e están formadas polos seguintes elementos:

- Creación dunha toma de auga formada por unha estrutura de formigón armado de dimensións en planta 6,00 x 4,50 metros, que se sitúa ao comezo da canalización (falso túnel).
- Construción do falso túnel que consta dunha tubaxe de formigón armado con camisa de chapa, cun diámetro interior de 1.800 milímetros e lonxitude de 140 metros, desde a toma de auga e a cámara de válvulas.
- Colocación da cámara de válvulas. Sitúase a continuación do falso túnel e previa ao túnel hidráulico en mina que se executará nunha fase posterior. Estruturalmente é un pozo rectangular de formigón armado de dimensións en planta de 10,00 x 11,50 metros, soterrado 22 metros aproximadamente. Na súa parte superior situarase o edificio de control.
- Finalmente, para poder executar os traballos inclúese no proxecto un bombeo das súas augas que evite que a enchedura da mina inunde a zona de traballo.

Vindeiros pasos do proxecto de abastecemento

Tras o desenvolvemento da primeira fase deste proxecto de abastecemento, queda pendente a realización dunha segunda, cun importe aproximado de 8 millóns de euros, e xa sen a urxencia que ten esta primeira, xa que será independente do nivel das augas no lago.

Para poder executalo agárdase poder colaborar entre as administracións local, autonómica e do Estado. En caso de necesidade xa se podería aproveitar esta obra da primeira fase para instalar unhas bombas que permitisen pasar auga do lago cara ao encoro de Cecebre.



A XUNTA PRESENTA O PRIMEIRO PLAN DE ARTESANÍA DE GALICIA QUE ASPIRA Á CREACIÓN DE 100 NOVAS EMPRESAS INCIDINDO NA COMPETITIVIDADE E O TALENTO GALEGO

- *O plan está dotado con 5 millóns de euros dirixidos a acadar tres retos: afianzar a competitividade; consolidar a marca Artesanía de Galicia e potenciar unha artesanía innovadora e transversal*
- *Nace da colaboración cos principais axentes do sector artesán galego que emprega xa máis de 5.000 persoas na comunidade*
- *Entre os obxectivos que se fixan nesta estratexia, búscase un incremento dun 50% dos puntos de venda da marca Artesanía de Galicia e o aumento do 30% nas empresas que se inician en procesos de innovación*
- *A nova folla de ruta desenvolve 82 actuacións específicas ata 2016 cunha visión a longo prazo para conseguir un sector artesanal sólido e sustentable no tempo*
- *Entre as principais medidas, impulsarase a colaboración con centros tecnolóxicos especializados para experimentar con novos materiais ou mellorar os procesos de produción*
- *Regularanse os novos oficios artesanais ao tempo que se incidirá na recuperación dos oficios en extinción*
- *Avanzarase na profesionalización do sector con iniciativas de formación tanto nos ámbitos técnicos como de xestión empresarial*
- *Poñerase en marcha unha tenda en liña de Artesanía de Galicia e apoiárase a participación dos obradoiros en feiras profesionais internacionais, ao tempo que se promove a cooperación co sector turístico*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o primeiro Plan de artesanía de Galicia, unha folla de ruta, elaborada en colaboración co sector, en que se recolle a estratexia que se seguirá para impulsar a artesanía galega. O plan desenvolve liñas de acción concretas ata 2016 cunha visión a longo prazo para conseguir un sector artesán sólido e sustentable no tempo e que contribúa ao crecemento da economía galega, incidindo na competitividade empresarial e a potenciación do talento galego.

Un dos obxectivos que se marca a Consellería de Economía e Industria con este novo plan, que recolle 82 actuacións específicas, é impulsar a creación de 100 novas empresas no sector artesán, así como incrementar nun 50% os puntos de venda oficiais da marca Artesanía de Galicia ou conseguir aumentar nun 30% as empresas que se inician en procesos de innovación.

Para iso, esta estratexia está dotada con 5 millóns de euros, destinados a lograr tres retos: afianzar a competitividade, reforzando un sector artesanal competitivo capaz de aglutinar todo o talento artesanal galego; consolidar a marca diferencial, impulsando o posicionamento e prestixio da marca Artesanía de Galicia; e potenciar unha artesanía



innovadora e transversal, promovendo a innovación, a cooperación con outros sectores produtivos e a presenza dos produtos galegos artesáns na rede.

O plan parte dun estudo en profundidade e do diálogo cos principais axentes dun sector que emprega xa máis de 5.000 persoas en Galicia e do que forman parte máis de 2.500 empresas (un 86% autónomos e un 14% sociedades). A partir da diagnose realizada e das principais achegas dos artesáns fíxanse os tres retos, que se desenvolven en diferentes liñas estratéxicas.

Apoio á creación de empresas artesás

Así, no tocante á competitividade, desenvolverase unha política coordinada de impulso do talento, o apoio á creación de empresas artesás e a fixación de emprego, que contarán con asesoramento a cargo de expertos, e poñerase en marcha un programa de impulso ao crecemento empresarial. Ademais, avanzarase na actualización da normativa, incidindo na regulación dos novos oficios artesanais e no recoñecemento honorífico da figura de Maestro Artesán, ao tempo que se traballará na recuperación de oficios artesanais en extinción.

Tamén se levarán a cabo iniciativas concretas para a posta en valor do sector, con diferentes actuacións en ámbitos como o educativo e o desenvolvemento dunha normativa referente á catalogación de eventos de interese artesanal. Faise fincapé ademais na captación de talento e a profesionalización do sector, con iniciativas formativas, tanto en aspectos técnicos como nos relativos á xestión empresarial, e poténciase a entrada de mozos no sector.

Mellora da comercialización

O segundo dos retos arredor dos que se articula o plan é a potenciación da marca Artesanía de Galicia, tendo en conta que Galicia é a única comunidade que conta cun selo destas características baixo o que nestes momentos se comercializa o traballo de máis de 470 obradoiros artesáns e 2.800 profesionais. Ademais de promover a adhesión de establecementos comerciais a este distintivo, poñeranse en marcha novos puntos de venda propios, e creárase unha tenda en liña.

Traballarase tamén na mellora da comercialización, promocionando as feiras artesanais galegas como xa é o caso do Encontro de Artesanía Tradicional e Popular que a Consellería de Economía e Industria organiza en Agolada. Ademais, identificaranse novos nichos de consumo e formas de comercialización impulsando unha maior utilización do márketing *on line*. Estas actuacións están encamiñadas tanto ao mercado nacional como ao internacional, un ámbito no cal se apoiará a participación de artesáns galegos en feiras profesionais e a posta en marcha de misións inversas con países de especial interese.



Artesanía innovadora en procesos e novos materiais

O terceiro dos retos é a potenciación dunha artesanía innovadora e transversal. Neste eido, entre outras medidas, desenvolveranse programas piloto para a experimentación e a innovación con novos materiais e na mellora dos procesos de produción, en colaboración cos centros tecnolóxicos especializados, e impulsarase a cooperación coas universidades e escolas de arte e superiores de deseño, así como con deseñadores profesionais.

O Plan de artesanía de Galicia, impulsado pola Consellería de Economía e Industria, e que conta para o seu desenvolvemento coa participación doutras consellerías e institucións, promove ademais a cooperación tanto intrasectorial como con outros sectores, con especial atención ao turismo. Así, entre outras accións, desenvolverase un programa específico para potenciar a colaboración entre as empresas artesás e as empresas turísticas, e crearase unha rede de artesanía onde se integren os recursos e servizos turísticos do sector artesán na comunidade, ao tempo que se fomentará a integración de talleres artesáns en diferentes rutas turísticas xa consolidadas.

Por outra banda, ofrecerase aos profesionais asesoramento para a apertura de obradoiros ao público, e desenvolveranse accións de difusión do valor engadido dos produtos artesáns e o saber facer dos seus profesionais entre os sectores de maior interese.

Co plan que vén de ser aprobado polo Consello da Xunta avánzase no impulso ao sector que desenvolve a Consellería de Economía e Industria, un traballo que foi recoñecido nos Premios Nacionais de Artesanía, onde a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño conseguiu en 2013 o premio *Promociona* para entidades públicas.

Nestes galardóns, convocados polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o sector artesán galego ten unha importante presenza cada ano, con sete gañadores galegos e unha mención especial nas oito edicións celebradas ata a data, ademais dun total de oito finalistas. Este mesmo ano o obradoiro de gaitas Seivane fíxose co máximo galardón, o Premio Nacional, mentres que a Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (Agalcari), resultou finalista no Premio Promociona, contando ambas as dúas candidaturas co apoio da Consellería de Economía e Industria.



O SERGAS E A FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS COLABORAN NA LOITA CONTRA A LEUCEMIA

- ***O obxectivo é fomentar a doazón de medula ósea e mellorar a atención dos pacientes que precisen un tratamento con transplante de medula ósea***
- ***Durante o ano 2013 realizáronse en Galicia un total de 182 transplantes deste tipo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia. O obxectivo é fomentar a doazón de medula ósea e mellorar a atención dos pacientes que precisen un tratamento con transplante de proxenitores hematopoéticos.

O transplante aloxénico non emparentado é un tipo de transplante que se produce cando non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia. Cando sucede isto, iníciase unha busca a nivel mundial que se fai a través da Rede Española de Doadores de Medula Ósea (REDMO), xestionada pola Fundación Josep Carreras.

O acordo autorizado pola Xunta ten unha achega de 581.600 euros. Nel, o REDMO comprométese a facilitar a busca e coordinar o envío de células nai compatibles, así como establecer un programa específico de información-formación para os profesionais sanitarios. Ademais colaborará asesorando na mellora tecnolóxica dos centros que participen na promoción da doazón e na tipificación dos candidatos a doadores.

Tipos de transplantes de medula ósea

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado.

Os transplantes autólogos son aqueles en que se usan as células do propio paciente, desta forma realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente. Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles en que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles. Os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles en que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia.

Para este tipo de transplantes a fonte das células pode ser a medula ósea, o sangue periférico ou ben o sangue de cordón umbilical.

Durante o ano 2013 realizáronse en Galicia un total de 182 transplantes de proxenitores hematopoéticos, dos cales 118 foron autólogos, 30 aloxénicos emparentados e 34 aloxénicos non emparentados. Este último tipo de transplante iniciouse en 2008, e nestes anos o seu número multiplicouse por cinco; de aí a importancia de contar co maior número posible de doadores de medula ósea.

O Servizo Galego de Saúde agradece unha vez máis á cidadanía e aos doadores pola súa solidariedade. Así mesmo, agradece o esforzo aos profesionais sanitarios, que co seu traballo fan posible este tipo de intervencións.



A XUNTA PERSÓNASE COMO ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLA MORTE POR VIOLENCIA DE XÉNERO DE MARIA LUISA JIMÉNEZ JIMENEZ

- ***O pasado mes de xullo o Consello da Xunta acordou constituírse como parte en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero***

A Asesoría Xurídica da Xunta constituíuse como parte, por instancia da Secretaría Xeral da Igualdade, como acción popular no caso da morte de María Luisa Jiménez Jiménez por violencia de xénero. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia constituíuse como parte nas dilixencias previas abertas no xulgado de Instrución número 3 de Lugo, que aceptou a constitución como parte.

O vicepresidente Alfonso Rueda elevou hoxe un informe ao Consello da Xunta para dar conta deste procedemento, que xa é o cuarto que fai o Goberno galego, tras os recentes casos de Verín, Marín e Cervo.

O pasado mes de xullo o Goberno galego acordou no Consello da Xunta constituírse como parte en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero. Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento aos artigos 30 e 31 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.

GALICIA FOI A TERCEIRA COMUNIDADE CON MELLOR EVOLUCIÓN DO PIB E MENOR DÉFICIT DURANTE A CRISE E PASOU A TER UNHA RATIO DE DÉBEDA INFERIOR Á MEDIA

- ***Galicia rexistrou o terceiro mellor comportamento do produto interior bruto durante os últimos cinco anos, tres décimas mellor que a media***
- ***A comunidade galega foi quen de converxer con España en máis de tres puntos pese a que o país rexistrou a peor crise das últimas décadas***
- ***Tamén é a terceira autonomía con menor déficit desde 2009, grazas a un control das contas públicas que a converteu na comunidade de referencia neste eido***
- ***No exercicio 2013 Galicia reduciu o seu déficit en máis de 100 millóns de euros, volveu cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria e mantén a senda de diminución progresiva e non abrupta***
- ***No ámbito do endebedamento, a ratio débeda/PIB de Galicia na actualidade é 3,6 puntos inferior á media das comunidades, mentres que en 2008 era superior***
- ***Galicia é a segunda autonomía onde menos medrou o endebedamento nos últimos cinco anos***
- ***No último exercicio, a Xunta acadou unha execución do gasto non financeiro do 100,3% do seu orzamento inicial, priorizando o gasto social e cuns niveis de execución superiores á media***

Galicia foi a terceira autonomía que rexistrou mellor evolución do seu produto interior bruto (PIB) durante a crise, ao tempo que tamén foi a terceira que tivo un menor déficit público durante este período. Ademais, a Comunidade galega pasou a ter unha ratio de débeda/PIB inferior á media, cando en 2008 este indicador era superior á media autonómica.

Segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, Galicia rexistrou entre 2008 e 2013 unha evolución interanual do PIB tres décimas mellor que o conxunto do Estado. Só dúas comunidades acadaron neste período un comportamento da súa economía mellor que o de Galicia, que entre 2012 e 2013 tivo un diferencial positivo en PIB de nove décimas respecto ao conxunto do Estado.

Deste xeito, a Comunidade galega foi quen de converxer con España en termos de renda per cápita pese a que o país sufriu a peor crise das últimas décadas. En concreto, Galicia converxeu en 3,1 puntos coa renda española entre 2008 e 2013, algo que só conseguiu outra comunidade autónoma durante este período.

Ademais dun mellor comportamento da economía, Galicia tamén foi a terceira comunidade onde menos medrou o déficit público durante os últimos cinco anos, grazas a un control rigoroso das contas públicas que a converteu nunha comunidade de



referencia neste eido. O incremento acumulado do déficit desde 2009 foi en Galicia máis de catro puntos inferior á media das comunidades autónomas.

A Xunta de Galicia tamén reduciu en 105 millóns de euros en 2013 o déficit da Comunidade en relación co ano anterior, pasando dun déficit do 1,28% ao 1,10% do PIB autonómico, ao tempo que mantivo blindado o gasto social pese a contar cuns niveis de ingresos equivalentes aos do ano 2006. Galicia volveu cumprir en 2013 o obxectivo de estabilidade orzamentaria aprobado polo Goberno, achegando solvencia ao conxunto de España e situando o seu déficit máis de catro puntos por debaixo da media (1,54%).

Menos ratio de débeda que a media

Durante os anos de crise, a Comunidade galega pasou de ter unha ratio de débeda/PIB maior que a media a estar por debaixo da maioría das autonomías. Segundo reflicten os últimos datos do Banco de España, esta ratio en Galicia é 3,6 puntos inferior á media das comunidades ao peche de 2013, mentres que en 2008 era superior. Así mesmo, Galicia foi a segunda comunidade onde menos medrou o endebedamento público durante a crise, reducindo neste período case á metade a débeda das empresas públicas.

Galicia está a aumentar o diferencial positivo co resto de autonomías porque nin en 2012 nin en 2013 precisou un só euro dos mecanismos de axuda habilitados polo Estado para as comunidades que non poden acudir aos mercados. A Comunidade galega non se acolleu nestes anos nin ao Fondo de Liquidez Autonómica nin ao mecanismo de pagamento a provedores.

Ademais, a confianza que xera a solvencia da Comunidade galega permítelle acceder aos mercados en condicións vantaxosas. Por exemplo, esta mesma semana Galicia pechou unha colocación de débeda de 500 millóns de euros a un tipo de xuro do 2,95%, cun diferencial sobre Tesouro que é o menor obtido por unha comunidade desde que se iniciou a crise.

Maior execución orzamentaria

Ao mesmo tempo, a Xunta acadou en 2013 unha porcentaxe de execución do gasto non financeiro do 100,3% do seu orzamento inicial, un indicador 2,6 puntos superior á media das comunidades. Neste eido, Galicia conseguiu mellorar a súa porcentaxe de execución respecto a 2012 en máis de catro puntos.

Galicia volveu priorizar o gasto en sanidade, educación e servizos sociais, que son as partidas que teñen máis peso na execución, e a porcentaxe de pagamentos en 2013 en Galicia (92,7%) tamén foi superior en máis de tres puntos á do conxunto de comunidades. O informe da Consellería de Facenda resalta que Galicia foi a cuarta



comunidade que realizou en 2013 maior esforzo investidor, 4,2 puntos máis que o conxunto de autonomías, e compatibilizou isto cuns altos niveis de execución, superiores á media nos distintos capítulos orzamentarios.

En canto ao capítulo de ingresos, Galicia rexistrou en 2013 máis ingresos que o exercicio anterior pola maior achega do sistema de financiamento e por unha mellor xestión dos fondos comunitarios. Esta execución situouse ao peche de 2013 no 116,8% nos fondos europeos –coma o FSE ou FEDER- e no 104,3% no Fondo de Cooperación Interterritorial.



A XUNTA DESTINA CASE 10 MILLÓNS DE EUROS Á IMPLANTACIÓN DE CALDEIRAS DE BIOMASA QUE PERMITEN AFORROS ECONÓMICOS DE ATA O 65%

- *A nova orde encádrase na Estratexia integral de impulso da biomasa con fins térmicos que está a promover o Goberno galego e que aspira a reducir a dependencia enerxética da Comunidade aforrando 70 millóns anuais*
- *A liña de apoíos, dirixida ao ámbito rural, favorecerá o incremento da demanda impulsando máis de 1.000 proxectos en Galicia*
- *A axuda máxima por proxecto chega ata os 200.000 euros podendo resultar beneficiarios tanto as empresas, como as familias e a propia Administración pública*
- *Unha caldeira de biomasa, en comparación cunha de gasóleo, xera aforros económicos anuais próximos aos 1.000 euros nunha vivenda unifamiliar e de case 13.000 euros nun edificio do sector servizos*
- *Impulsaranse iniciativas de district heating nos concellos galegos ao tempo que se desenvolverá un proxecto demostrativo no complexo de San Caetano instalando unha rede de enerxía térmica que cubra a demanda dos seus edificios*

A Xunta de Galicia, na súa aposta polas fontes renovables autóctonas como un dos piares fundamentais da súa política enerxética, destina 9,3 millóns de euros a un novidoso programa de apoíos encamiñado a impulsar a implantación de caldeiras de biomasa, tanto na Administración como no tecido produtivo e nos fogares galegos. Así, a través desta liña dirixida ao ámbito rural, os interesados poderán acceder a axudas para instalar equipamentos térmicos que empreguen a biomasa como combustible, obtendo importantes aforros económicos cun maior compromiso ambiental.

Non en van, a posta en marcha dunha caldeira de biomasa permite aforros económicos de ata un 65% con respecto a unha de gasóleo, e dun 45% con relación ao gas natural. Así, un equipo de biomasa diminúe en preto de 1.000 euros o gasto en combustible nunha economía familiar con respecto ao gasóleo, cifra que ascendería a case 13.000 euros no caso dun edificio do sector servizos que instale unha caldeira con capacidade de abastecer a súa demanda térmica.

A convocatoria, da que se informou hoxe no Consello da Xunta e que está cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), aspira a incrementar o consumo de biomasa en Galicia en preto dun 30% anual, configurándose como un eixo máis dentro da Estratexia integral de impulso da biomasa con fins térmicos en que está a traballar o Goberno galego, e permitirá instalar 1.000 caldeiras en concellos, Administración pública, familias e industria. Para isto, o programa concede apoíos que poden chegar ao 100% do custo do proxecto cun máximo de 200.000 euros.



Impúlsase así o sector da biomasa térmica favorecendo o incremento da demanda, obxectivo compartido coa realización de proxectos piloto demostrativos. Neste sentido, a Estratexia prevé tamén o desenvolvemento de iniciativas de *district heating* que promoverán a construción de centrais de produción de calor para distribuír a enerxía xerada con biomasa entre varios edificios dunha mesma zona. Así, en colaboración coa Secretaría de Estado de Enerxía, fomentaranse as ditas instalacións de redes de subministración de enerxía térmica nos concellos galegos ao tempo que se levará a cabo un proxecto demostrativo no complexo de San Caetano instalando unha rede que cubra a demanda dos seus edificios.

Deste xeito refórzase o papel exemplarizante que xa está a xogar a Administración coa instalación de caldeiras de biomasa nos hospitais comarcais da Barbanza, Verín, Calde, Burela e Monforte de Lemos, e que permitirán un aforro económico de máis de 3 millóns nos próximos anos.

Unha aposta que se acompañará desde o Igape, dotando dunha maior intensidade de apoio os proxectos que introduzan a biomasa como actividade preferente, e desde a Axencia Galega de Innovación, prestando especial atención aos proxectos innovadores cando estean destinados á mellora tecnolóxica empresarial do sector forestal.

Co desenvolvemento desta estratexia, Galicia activará unha industria asociada á valorización enerxética da biomasa que impulsará o seu consumo con fins térmicos e xerará máis de 1.000 postos de traballo, tanto na transformación e distribución, como na instalación de caldeiras. Ademais, reducirase a dependencia enerxética dos derivados do petróleo, aspirando a acadar un aforro económico anual de 70 millóns de euros. Neste contexto, e de cara a acadar a maior repercusión posible, impulsaranse iniciativas de sensibilización e difusión de coñecementos técnicos e boas prácticas entre os consumidores e outros axentes.



O SERGAS DESTINARÁ 720.000 EUROS Á CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE BUÑO (MALPICA)

- ***A súa superficie construída total será de 524,38 m² e a súa superficie útil contará con 379,89 m²***
- ***O seu prazo previsto de execución é de nove meses***
- ***O Sergas segue a licitar os centros de saúde, e neste sentido o DOG publica hoxe a licitación das obras de construción do de Tui, ás que se destinan 4.838.465 euros***

O Servizo Galego de Saúde vai destinar 720.575,24 euros á execución da obra de construción do centro de saúde de Buño, en Malpica, nunha parcela cedida polo Concello. Así se recolle nun informe presentado hoxe pola conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, aos membros do Consello da Xunta.

Esta obra enmárcase no Plan de desenvolvemento rural sustentable (PDRS 2010-2014), cofinanciado por fondos do Estado nun 50%. O seu prazo previsto de execución é de nove meses.

O edificio terá un área médica con tres consultas de medicina xeral, unha consulta de enfermaría, unha sala polivalente e unha área de administración cun arquivo, almacéns e outros servizos comúns. A súa superficie construída total será de 524,38 m² e a súa superficie útil contará con 379,89 m².

Este novo centro de saúde suporá que tanto os profesionais como os usuarios disporán dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, dando unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste municipio.

Licitación do centro de saúde de Tui

O Servizo Galego de Saúde segue a licitar os centros de saúde, e neste sentido o *Diario Oficial de Galicia* publica hoxe a licitación das obras de construción do de Tui, ás que o Sergas destina 4.838.465 euros.

Esta obra enmárcase na execución do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013. Segundo consta no proxecto, o centro de saúde de Tui contará con 22 consultas na área de medicina xeral, 4 na área de pediatría, unha área destinada a matrona e educación maternal, unha área de odontoloxía, outra de fisioterapia e salas polivalentes. Na área de administración disporase dun arquivo, almacéns e outros servizos comúns.

Terá, ademais, un punto de atención continuada cunha zona de consultas e de observación. A súa superficie construída será de máis de 3.500 metros cadrados, e o seu prazo previsto de execución é de 17 meses.